

## ANEXO II

**Adscrición, a que fai referencia o artigo 26.2 deste real decreto, dos títulos de técnico superior de formación profesional ás ramas de coñecemento establecidas no Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais**

Familia profesional	Ramas de coñecemento
Administración e xestión/ administración. Artes gráficas. Artes e artesanías. Comercio e mercadotecnia. Hostalaría e turismo. Imaxe e son/ comunicación, imaxe e son. Servizos socioculturais e á comunidade.	Artes e humanidades
Agraria/ actividades agrarias. Edificación e obra civil. Electricidade e electrónica. Enerxía e auga. Fabricación mecánica. Imaxe e son/ comunicación, imaxe e son. Industrias extractivas. Industrias alimentarias. Informática e comunicacións/ informática. Instalación e mantemento/ mantemento e servizos á produción. Madeira, moble e cortiza/ madeira e moble. Marítimo-pesqueira/ actividades marítimo-pesqueiras. Química. Sanidade. Transporte e mantemento de vehículos/ mantemento de vehículos autopropulsados. Têxtil, confección e pel. Vidro e cerámica.	Ciencias
Agraria/ actividades agrarias. Actividades físicas e deportivas. Imaxe persoal. Industrias alimentarias. Química. Sanidade. Seguranza e ambiente. Servizos socioculturais e á comunidade.	Ciencias da saúde
Administración e xestión/ administración. Actividades físicas e deportivas. Artes gráficas. Comercio e mercadotecnia. Hostalaría e turismo. Imaxe persoal. Imaxe e son/ comunicación, imaxe e son. Seguranza e ambiente. Servizos socioculturais e á comunidade.	Ciencias sociais e xurídicas

Familia profesional	Ramas de coñecemento
Agraria/ actividades agrarias. Artes gráficas. Artes e artesanías. Edificación e obra civil. Electricidade e electrónica. Enerxía e auga. Fabricación mecánica. Imaxe e son/ comunicación, imaxe e son. Industrias alimentarias. Industrias extractivas. Informática e comunicacións/ informática. Instalación e mantemento/ mantemento e servizos á produción. Madeira, moble e cortiza/ madeira e moble. Marítimo-pesqueira/ actividades marítimo-pesqueiras. Química. Transporte e mantemento de vehículos/ mantemento de vehículos autopropulsados. Têxtil, confección e pel. Vidro e cerámica.	Enxeñaría e arquitectura

**18948** REAL DECRETO 1893/2008, do 14 de novembro, polo que se desenvolven medidas fiscais e de seguranza social no exercicio 2008 para atender os compromisos derivados da organización e celebración da 33.<sup>a</sup> edición da Copa do América na cidade de Valencia. («BOE» 283, do 24-11-2008.)

A Copa do América é o trofeo deportivo máis antigo do mundo –data de 1851-, e realizáronse desde o seu inicio 32 edicións, a última delas en Valencia. Esta regata está considerada, pola súa duración e relevancia social e mediática, como un dos acontecementos con maior repercusión económica, e xera un importante impacto positivo na rexión onde ten lugar. Por segunda vez consecutiva, esta competición previsiblemente podería desenvolverse en Valencia.

Neste sentido, a Lei 41/2007, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario, e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria, nas súas disposicións adicionais sexta e sétima, prevé unha serie de medidas fiscais, tributarias, en materia de bonificacións de cotas da Seguranza Social, prevé o correspondente procedemento de documentación de estranxeiros e de concesión de visados e permisos de condución, destinadas a facilitar e a atender os compromisos derivados da organización e a celebración desta competición deportiva. Así mesmo, a disposición adicional sexta.3 da dita lei habilita o Goberno e, se é o caso, os distintos departamentos ministeriais, no ámbito das súas respectivas competencias, para adoptar as iniciativas, disposicións, actos e demais medidas que se estimen necesarios para o adecuado desenvolvemento deste acontecemento deportivo.

Este real decreto desenvolve, para o exercicio 2008, as medidas fiscais e de seguranza social previstas nas mencionadas disposicións adicionais, segundo os compromisos asumidos pola Administración do Estado, por incidir de maneira directa nas actividades que ata agora viñeron

desenvolvendo a entidade organizadora e os equipos participantes. A emisión das correspondentes certificacións, necesarias para acceder aos beneficios fiscais e ás bonificacións da Seguraza Social previstas no real decreto, corresponderá ao Consorcio que se constitúa para a 33.<sup>a</sup> edición da Copa do América. Mentres non se leva a cabo esta constitución, as súas funcións desenvolveraa o Consorcio Valencia 2007.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Administracións Públicas, de Economía e Facenda e de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de novembro de 2008,

## DISPÓÑO:

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto desenvolve para o exercicio 2008 as medidas en materia fiscal e de seguraza social relativas á celebración da 33.<sup>a</sup> edición da Copa do América, contidas nas disposicións adicionais sexta e sétima da Lei 41/2007, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria.

##### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do disposto neste real decreto, entenderase por:

a) Copa do América 2007: a definida no artigo 2 do Real decreto 2146/2004, do 5 de novembro, polo que se desenvolven as medidas para atender os compromisos derivados da celebración da XXXII edición da Copa do América na cidade de Valencia.

b) Acontecemento ou «33.<sup>a</sup> Copa do América»: a 33.<sup>a</sup> edición da regata internacional denominada Copa do América.

c) Entidade organizadora: a definida como tal no artigo 2,c) do Real decreto 2146/2004, do 5 de novembro.

d) Equipos participantes: os equipos que, o 31 de decembro de 2007, figuran inscritos para participar na 33.<sup>a</sup> edición da Copa do América. Esta inscrición será acreditada pola entidade organizadora.

Así mesmo, terán a consideración de equipos participantes aqueles que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter participado na 32.<sup>a</sup> edición da Copa do América.

b) Ter unha sede na cidade de Valencia.

Estes requisitos serán acreditados polo Consorcio, ao cal estes equipos deberán comunicar por escrito o seu propósito de participar na Copa do América en Valencia.

e) Inicio da celebración do acontecemento: o 1 de xaneiro de 2008.

f) Consorcio: o Consorcio que se constitúa para a celebración da 33.<sup>a</sup> edición da Copa do América. Non obstante, ata que se constitúa este Consorcio, as súas funcións desenvolveraa o Consorcio Valencia 2007.

## CAPÍTULO II

### Bonificacións de cotas da Seguraza Social

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> ÁMBITO DE APLICACIÓN

##### Artigo 3. *Beneficiarios das bonificacións.*

1. As bonificacións de cotas da Seguraza Social por continxencias comúns, incluída a incapacidade temporal derivada destas, así como por desemprego, formación profesional e Fondo de Garantía Salarial, establecidas na disposición adicional sexta. un da Lei 41/2007, do 7 de decembro, serán aplicables ás persoas xurídicas que contén cun domicilio en España e fosen constituídas con motivo do acontecemento da «33.<sup>a</sup> Copa do América, tanto pola propia entidade organizadora como polos equipos participantes, ou que cumpran os requisitos do artigo 2.d). As bonificacións serán de aplicación en relación cos traballadores por conta allea que nas mencionadas persoas xurídicas presten servizos que dean lugar á súa inclusión en calquera dos réximes do sistema de Seguraza Social.

As bonificacións de cotas a que se refire o parágrafo anterior serán igualmente aplicables, nos mesmos termos, ás persoas xurídicas con domicilio en España constituídas pola entidade organizadora ou os equipos participantes no anterior acontecemento «Copa do América 2007» e que continúen a súa actividade en relación coa citada Copa do América.

2. Estas bonificacións aplicaranse ás achegas por cotización das citadas persoas xurídicas, na súa calidade de empresarios para efectos da seguraza social, respecto dos traballadores por conta allea que, despois da constitución daquelas, fosen contratados por elas para a realización de labores directamente relacionados coa súa participación na «33.<sup>a</sup> Copa do América».

##### Artigo 4. *Ámbito obxectivo.*

1. Enténdense por labores directamente relacionados coa participación na «33.<sup>a</sup> Copa do América» aqueles que se produzan como consecuencia directa das actividades que se realicen no marco do citado acontecemento e así se acredite mediante certificación da entidade organizadora ou do Consorcio.

2. En particular, estarán incluídos no ámbito obxectivo a entidade organizadora e os equipos deportivos participantes, así como as actividades complementarias e auxiliares de ambos, realizadas por traballadores por conta allea nas súas distintas modalidades, e entre eles os administradores societarios que teñan o carácter de persoal de alta dirección, técnicos, administrativos, mecánicos, tripulantes de embarcacións e calquera outro traballador por conta allea contratados pola entidade organizadora e polas persoas xurídicas constituídas polos equipos participantes ou pola entidade organizadora.

##### Artigo 5. *Porcentaxe e duración.*

1. As bonificacións das cotas que se regulan neste capítulo serán do 100 por cento das achegas dos empresarios nas súas cotizacións á Seguraza Social por continxencias comúns, incluída a incapacidade temporal, así como polos conceptos de recadación conxunta coas cotas de Seguraza Social, tanto en contratos a tempo completo como a tempo parcial.

2. As bonificacións serán aplicables nas liquidacións das cotas xeradas a partir do día 1 de xaneiro de 2008, e finalizarán ao remate da realización dos labores directamente relacionados coa organización e participación no acontecemento, sen que en ningún caso poidan superar

as liquidacións de cotas xeradas ata o día 31 de decembro de 2008.

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup> APLICACIÓN DAS BONIFICACIÓNS

### Artigo 6. *Requisitos e procedemento.*

1. Con carácter previo ao desfrute das bonificacións reguladas neste capítulo, os empresarios interesados deberán presentar unha comunicación quer ante as direccións provinciais e administracións da Tesouraría Xeral da Seguridade Social quer no rexistro da Oficina Estatal para o apoio da 33.<sup>a</sup> Copa do América ou en calquera dos lugares a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a súa remisión á dita Tesouraría Xeral, en que declare a súa condición de beneficiarios de tales bonificacións. Tamén deberán estar ao día no pagamento das cotas de Seguridade Social e polos conceptos de recadación conxunta, na data en que se efectúe a referida comunicación, conforme o previsto no artigo 77.un da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

2. A comunicación dos empresarios interesados deberá ir acompañada dunha certificación, expedida polo Consorcio, na cal deberá constar a acreditación pola entidade organizadora ou polo propio Consorcio da súa condición de persoas xurídicas constituídas segundo o establecido no artigo 3.1 e da súa vinculación ao acontecemento. Así mesmo, no suposto das persoas xurídicas previstas no parágrafo segundo do dito artigo 3.1, a certificación fará constar tamén a acreditación de que se obtiveron as correspondentes certificacións expedidas polo Consorcio Valencia 2007 e que continúan a súa actividade na «33.<sup>a</sup> Copa do América».

Esta certificación só se deberá presentar preceptivamente cando se trate da primeira comunicación de bonificación do empresario.

3. As bonificacións nas achegas ás cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta serán aplicadas polos empresarios que sexan persoas xurídicas e beneficiarios daquelas, nos correspondentes documentos de cotización.

4. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social facilitará mensualmente ao Servizo Público de Emprego Estatal o número de traballadores que sexan obxecto destas bonificacións de cotas á Seguridade Social, coas súas respectivas bases de cotización e as deducións aplicadas como consecuencia do previsto neste real decreto.

### Artigo 7. *Concurrencia de bonificacións.*

As bonificacións das cotas e conceptos de recadación conxunta regulados neste capítulo serán incompatibles con calquera outra bonificación establecida. O empresario que tiver dereito a dúas ou máis bonificacións respecto de determinados traballadores deberá optar por unha delas. De optar pola bonificación do 100 por cento que é obxecto deste capítulo, ao finalizar esta poderá optar de novo por aquela ou aquelas a que tiver dereito.

### Artigo 8. *Efectos da falta de inscrición e cotización. Reintegro dos beneficios.*

1. Para que a autoridade marítima competente autorice o despacho das embarcacións dos equipos participantes para saír ao mar, as persoas xurídicas ás cales pertencen deberán acreditar o cumprimento do disposto no artigo 48.1 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos

dos traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

2. No caso de falta de ingreso en prazo regulamentario das restantes cotas da Seguridade Social, xeradas durante o período de desfrute das correspondentes bonificacións, observarase o disposto no artigo 77.dous da Lei 13/1996, do 30 de decembro.

3. Nos supostos de obtención e aplicación das bonificacións sen reunir os requisitos exixidos, procederá o pagamento das cantidades deixadas de ingresar por bonificación de cotas á Seguridade Social, coa recarga correspondente.

4. A obriga de reintegro establecida no punto anterior enténdese sen prexuízo do previsto no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

### Artigo 9. *Financiamento das bonificacións.*

As bonificacións de cotas reguladas neste capítulo financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal.

## CAPÍTULO III

### Disposicións en materia fiscal

### Artigo 10. *Certificacións.*

1. A entidade organizadora, os equipos participantes, as persoas xurídicas ou os establecementos permanentes a que se refire o artigo 12 deste real decreto, así como as persoas físicas a que resulte de aplicación o previsto no artigo 13 deste real decreto, deberán obter a correspondente certificación expedida polo Consorcio.

2. Na certificación a que se refire o punto anterior farase constar, polo menos, o seguinte:

a) Nome e apelidos, ou denominación social, e número de identificación fiscal do solicitante.

b) Domicilio fiscal.

c) No caso da entidade organizadora, acreditación de que esta entidade ten tal condición.

d) No caso dos establecementos permanentes e das persoas xurídicas a que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo 12 deste real decreto, unha acreditación da entidade organizadora ou do Consorcio de que foron constituídos, que se deberá xuntar á solicitude. Ademais, no suposto dos establecementos permanentes e das persoas xurídicas previstos no punto 3 do artigo 12 deste real decreto, unha acreditación da entidade organizadora ou do Consorcio de que se obtiveron as correspondentes certificacións expedidas polo Consorcio Valencia 2007 e que continúan a súa actividade na «33.<sup>a</sup> Copa do América».

e) No caso dos equipos participantes, unha acreditación emitida pola entidade organizadora ou o Consorcio de que o equipo foi inscrito na «33.<sup>a</sup> Copa do América» ou que cumpre os requisitos do artigo 2.d), que se deberá xuntar á solicitude.

f) No caso dos establecementos permanentes e as persoas xurídicas a que se refiren os números 1 e 2 do artigo 12 deste real decreto, unha acreditación previa por parte dos propios equipos participantes de que constituíron aqueles, que se deberá xuntar á solicitude. Ademais, no suposto dos establecementos permanentes e as persoas xurídicas previstos no número 3 do artigo 12 deste real decreto, unha acreditación previa por parte dos propios equipos participantes de que se obtiveron as correspondentes certificacións expedidas polo Consorcio Valencia 2007 e que continúan a súa actividade na «33.<sup>a</sup> Copa do América».

g) No caso das persoas ás cales puider resultar de aplicación o previsto no artigo 13 deste real decreto, unha acreditación previa de que o solicitante presta servizos á entidade organizadora, aos equipos participantes ou ás entidades ou establecementos permanentes previstos no artigo 12 deste real decreto, emitida pola entidade organizadora ou polos equipos participantes. Ademais, no suposto das persoas físicas a que se refire o número 3 do artigo 13 deste real decreto, unha acreditación previa de que o solicitante obtivo as correspondentes certificacións expedidas polo Consorcio Valencia 2007.

3. O Consorcio remitirá ao Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, no mes de xaneiro de 2009, unha copia das certificacións emitidas durante 2008 conforme o previsto neste artigo, para a súa ulterior remisión aos correspondentes órganos de xestión.

Se o Consorcio non emitise a certificación solicitada segundo o establecido no número 2, deberá remitir unha copia da solicitude presentada polo interesado.

4. O prazo máximo en que se deben notificar as certificacións a que se refire este artigo será de dous meses desde a data en que a correspondente solicitude tivese entrada no rexistro do Consorcio.

5. A Administración tributaria poderá comprobar o cumprimento dos requisitos necesarios para a aplicación dos beneficios fiscais previstos na disposición adicional sétima da Lei 41/2007, do 7 de decembro, e practicar, se é o caso, a regularización que resulte procedente.

#### Artigo 11. *Imposto sobre o valor engadido.*

1. O dereito á devolución das cotas soportadas ao termo de cada período de liquidación durante o exercicio 2008 a que se refire a disposición adicional sétima catro.2 da Lei 41/2007, do 7 de decembro, só se poderá exercer cando a maior parte das operacións realizadas polo empresario ou profesional no territorio de aplicación do imposto estean relacionadas coa «33.<sup>a</sup> Copa do América». Para estes efectos, terase en conta a intención coa cal se adquiren os bens e servizos polos cales se soportaron ou satisfíxeron esas cotas, de acordo co disposto no terceiro parágrafo do artigo 5.dous da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e no artigo 27 do seu regulamento, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

2. Para estes efectos, considerarase que a maior parte das operacións realizadas polo empresario ou profesional no territorio de aplicación do imposto están relacionadas co acontecemento cando, en relación co ano 2008, polo menos o 90 por cento do total das operacións que se deban considerar realizadas no territorio de aplicación do imposto cumbran o dito requisito.

3. As operacións a que se refire este artigo consideraranse incluídas entre as que se relacionan no artigo 30.4 do regulamento do imposto, sen que en relación coas ditas operacións sexan aplicables os límites establecidos nos números 1 e 2 do citado artigo.

4. Para poder exercer este dereito, os empresarios ou profesionais deberán estar inscritos no Rexistro de exportadores e outros operadores económicos a que se refire o número 4 do artigo 3 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

5. O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo de que o resto de deducións a que teñan dereito os empresarios ou profesionais que realicen operacións relacionadas coa «33.<sup>a</sup> Copa do América» se practiquen a través do procedemento que, se é o caso, corresponda.

6. O previsto neste artigo será igualmente aplicable ás persoas xurídicas residentes en España e aos establecementos permanentes constituídos pola entidade organizadora ou os equipos participantes do acontecemento «33.<sup>a</sup> Copa do América» con motivo do acontecemento «Copa América 2007» que continúen a súa actividade en 2008 en relación coa «33.<sup>a</sup> Copa do América».

#### Artigo 12. *Réxime fiscal das entidades e dos establecementos permanentes constituídos pola entidade organizadora ou polos equipos participantes.*

1. Estarán exentas no imposto sobre sociedades as rendas obtidas durante 2008 polas persoas xurídicas residentes en territorio español que a entidade organizadora ou os equipos participantes constituían con motivo do acontecemento e estean directamente relacionadas coa súa previsible participación nel.

2. Estarán exentas no imposto sobre a renda de non-residentes as rendas imputables durante 2008 aos establecementos permanentes en España que a entidade organizadora ou os equipos participantes constituían con motivo do acontecemento e estean directamente relacionadas coa súa previsible participación nel.

3. O previsto neste artigo será igualmente aplicable ás entidades e establecementos permanentes que foron constituídos pola entidade organizadora ou polos equipos participantes do acontecemento «33.<sup>a</sup> Copa do América» con motivo do acontecemento «Copa América 2007», sempre que tivesen dereito á aplicación do réxime fiscal previsto no artigo 12 do Real decreto 2146/2004, do 5 de novembro, polo que se desenvolven as medidas para atender os compromisos derivados da celebración da XXXII edición da Copa do América na cidade de Valencia e continúen a súa actividade en relación coa «33.<sup>a</sup> Copa do América».

#### Artigo 13. *Réxime fiscal das persoas físicas que presten os seus servizos á entidade organizadora ou aos equipos participantes.*

1. Os rendementos do traballo ou de actividades económicas que obteñan as persoas físicas durante 2008, como retribución aos servizos que presten á entidade organizadora, aos equipos participantes ou aos establecementos permanentes ou entidades a que se refire o artigo 12, e que estean directamente relacionados co acontecemento, terán o seguinte tratamento fiscal:

a) Se se trata de contribuíntes polo imposto sobre a renda de non-residentes sen establecemento permanente, non terán a consideración de rendas obtidas nin de traballos efectivamente realizados en España.

b) Se se trata de contribuíntes polo imposto sobre a renda de non-residentes con establecemento permanente, estarán exentos os rendementos de actividades económicas imputables aos establecementos permanentes que constituían durante o acontecemento.

c) Se se trata de persoas físicas que adquiren a condición de contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas como consecuencia do seu desprazamento ao territorio español con motivo do acontecemento, aplicarán unha redución do 65 por cento sobre a contía do rendemento neto.

No caso de rendementos do traballo, a redución aplicarase sobre a contía do rendemento neto do traballo a que se refire o artigo 19 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, e terase en conta para o cálculo da redución regulada no artigo 20.1 da Lei 35/2006.

No caso de rendementos de actividades económicas, a redución aplicarase sobre a contía do rendimento neto calculado de acordo co disposto no artigo 30 e unha vez aplicada, se é o caso, a redución prevista no artigo 32.1 da citada Lei 35/2006, e terase en conta, se é o caso, para o cálculo da redución regulada no artigo 32.2 da Lei 35/2006.

En ambos os casos, a redución terase en conta para efectos de aplicar o disposto no número 2 do artigo 80 bis da Lei do imposto.

2. A redución prevista no número 1 c) anterior terase en conta para a determinación da base para calcular o tipo de retención a que se refire o artigo 83 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, nos seguintes termos:

a) Aplicarase sobre a contía do rendimento neto do traballo resultante das minoracións previstas no artigo 83.3 a) e b) do Regulamento do imposto.

b) Terase en conta para a aplicación das reducións previstas no artigo 83.3.c) do Regulamento do imposto.

3. O previsto neste artigo será igualmente aplicable ás persoas físicas que tivesen dereito á aplicación do réxime fiscal previsto no artigo 13 do Real decreto 2146/2004, do 5 de novembro, polo que se desenvolven as medidas para atender os compromisos derivados da celebración da XXXII edición da Copa do América na cidade de Valencia e presten os seus servizos á entidade organizadora, aos equipos participantes ou aos establecementos permanentes ou entidades a que se refire o artigo 12 deste real decreto, sempre que estean directamente relacionados co acontecemento.

#### Artigo 14. *Obrigas de información.*

As entidades a que resulte de aplicación o réxime fiscal previsto na disposición adicional sétima da Lei 41/2007, do 7 de decembro, deberán cumprir as obrigas de información á Administración tributaria previstas na normativa vixente, en relación coas rendas obtidas e satisfeitas a que se refiren os artigos 12 e 13 deste real decreto.

#### Disposición adicional única. *Protección de datos de carácter persoal.*

No relativo aos intercambios de datos persoais das persoas afectadas pola normativa contida neste real decreto, observarase o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no Regulamento de medidas de seguranza dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 994/1999, do 11 de xuño.

#### Disposición transitoria única. *Regularización do tipo de retención.*

Cando se satisfixesen en 2008 rendementos do traballo aos cales resulte de aplicación a redución do 65 por cento a que se refire o artigo 13.1.c) con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, regularizarase, se é o caso, o tipo de retención, de acordo co sinalado no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, nos primeiros rendementos do traballo que se satisfagan ou aboan ata a finalización do período impositivo 2008.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral e

149.1.17.<sup>a</sup>, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de réxime económico da Seguranza Social.

#### Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltanse os ministros proponentes, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar cantas disposicións poidan ser precisas para a execución e desenvolvemento do disposto neste real decreto.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA SOCIAL E DEPORTE

**19174** *REAL DECRETO 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario. («BOE» 287, do 28-11-2008.)*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece nos seus artigos 91 ao 99 as funcións do profesorado das distintas ensinanzas que se regulan nela, así como as súas respectivas condicións de titulación e formación pedagóxica e didáctica. Na disposición adicional sétima, pola súa vez, especifícanse as funcións dos diferentes corpos en que se ordena a función pública docente.

O Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, establece as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria que deberán formar parte do currículo que as distintas administracións educativas definan para esta etapa do sistema. Por outra parte, o Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, regula a estrutura do bacharelato sobre a base do disposto a este respecto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e concreta a relación de materias das súas diferentes modalidades. Ademais, o Goberno estableceu, logo de consulta ás comunidades autónomas, a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo no Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, cuxa disposición adicional décima remite ás normas que regulen os títulos respectivos, a definición das titulacións e especialidades do profesorado, a atribución docente e a equivalencia para efectos de docencia. Diferentes reais decretos regularon, así mesmo, as ensinanzas mínimas a que se deberán axustar os currículos das ensinanzas profesionais de música e de danza, así como os das ensinanzas de idiomas de réxime especial e as ensinanzas deportivas.

Establecidas nas normas citadas as necesidades docentes nas diferentes etapas do sistema educativo, pro-